



# PROCESO DE ADMISIÓN PARA ALUMNADO NOVO NO CENTRO CURSO 2022-2023 E.S.O. E BACHARELATO

1. O alumnado procedente de centros NON adscritos que o vindeiro curso queira matricularse no I.E.S. Xesús Ferro Couselo, deberá cumprimentar o ANEXO II (solicitud de admisión ED550B, dispoñible no centro e na páxina da xunta [admisionalumnado \(xunta.gal\)](http://admisionalumnado.xunta.gal)).

As familias poderán cumprimentar as solicitudes de admisión de xeito manual ou a través da aplicación no menú: Solicitudes > Admisión > Crear

Esta solicitud deberase presentar no centro educativo solicitado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a SEDE ELECTRÓNICA, para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital, sendo esta a canle preferible de presentación.

## **Presentación de solicitudes: 1-21 de marzo.**

Só poden presentar UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO/A, no centro elixido en primeiro lugar, asinada por ambos proxenitores e coa documentación indicada no mesmo (Art.13.2.1º).

Para a presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo dispórase de 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión.

2.O alumnado xa matriculado no IES Xesús Ferro Couselo ten garantida a súa permanencia nel e non require un novo proceso de admisión (Art.9.1); pero terá que matricularse en xullo

O alumnado que ten garantida a permanencia nun centro, se presenta solicitud de admisión noutro distinto debe comunicalo, ó mesmo tempo, ó centro de orixe (Art.13.2.2º).

## **PUBLICACIÓN DE LISTAXES \***

A publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas farase antes do 25 de abril.

A publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas será antes do 15 de maio.

\* As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas serán elaboradas, exclusivamente, mediante a aplicación [admisionalumnado](http://admisionalumnado), e os centros educativos publicarán as mesmas única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar. En base ás recomendacións vixentes en materia de protección de datos persoais, non se considerará válido ningún outro medio físico de publicación (exemplo: os taboleiros ou as zonas acristaladas visibles desde o exterior do centro).

## **FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA EN ESO E BACHARELATO:**

Presentación da documentación: 25 de xuño -10 de xullo.